

Corrección de erros: relación de persoas que deben realizar o primeiro exercicio

Por resolución do 1 de setembro do 2023 convócanse para a realización do primeiro exercicio (probas de lingua galega) ás persoas aspirantes admitidas no proceso selectivo convocado pola Resolución do 19 de abril de 2022 (DOG do 3 de maio) para cubrir catorce prazas da escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos, subgrupo C1, pola quenda de acceso libre.

Na mesma data publícase no taboleiro electrónico da Universidade de Santiago de Compostela a relación de persoas aspirantes que están convocadas para realizar o primeiro exercicio (probas de lingua galega), na que figura don Jesús Diego Gallego Tojo. Detectado erro material ao incluír o citado aspirante nesta listaxe, **resolvo**, de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, **excluír a don Jesús Diego Gallego Tojo, DNI ***394****, da dita relación por estar exento de realizar o primeiro exercicio, xa que presentou en tempo e forma o certificado de coñecemento de lingua galega requirido na convocatoria.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela

O reitor
Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
11/09/2023 19:15:26.

CSV: 9ABE-6CB0-46D0-9F54